

CUESTIONARIO SOBRE A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA**1. Por que se di que as linguas teñen unha función social? Busca información sobre as distintas funcións que pode ter unha lingua.**

As linguas posúen unha función social porque nos serven como medio de comunicación entre os membros dunha comunidade lingüística. Ademais, segundo o lingüista Manuel Portas, a función comunicativa dunha lingua concrétese noutras máis específicas: función de identidade, familiar, local, laboral, cultural, institucional e internacional.

2. Dúas linguas que comparten territorio, en que situación viven normalmente?: de bilingüismo ou de diglosia? Explica a resposta.

Polo xeral, viven nunha situación de diglosia. Normalmente son razóns de carácter histórico (procesos de expansión e de unificación política, presión cultural e económica ou movementos migratorios) as que motivan tal multilingüismo. Nestas circunstancias de convivencia de dúas ou máis linguas nun mesmo territorio orixínase normalmente un conflito lingüístico, pois ambas compiten por desempeñar todas as funcións posibles. Así, aínda que teñen o mesmo valor, outórganselles status distintos, orixinando a diglosia: presenza, por dicilo así, dunha lingua A, que acumula todo o prestixio, sendo empregada na escrita e nos rexistros cultos e formais; e unha lingua B, sen prestixio e infravalorada, sendo empregada en rexistros orais, coloquiais e informais.

3. Danse entre os galegos estereotipos e prexuizos lingüísticos? En caso afirmativo, cales son? A que etapa se remonta a súa orixe e por que xorden?

Actualmente, aínda contamos con moitos estereotipos e prexuizos lingüísticos entre os galegos. Algúns de carácter xeral como o de que é unha lingua con poucos falantes ou un dialecto. Non obstante, son outros específicos os que máis callaron na sociedade: a súa vinculación co mundo rural, a pobreza, a ignorancia e o atraso, a suposta falta de utilidade do galego, o galego como marca ideolóxica ou profesional...

A súa orixe remóntase aos séculos escuros, onde a realidade sociolingüística se resume no galego como lingua minorizada e o castelán como minoritaria. Isto xurdiu pola distribución desigual das linguas en Galiza, provocando a consideración do galego como símbolo de opresión, oral e aliterario, fronte ao castelán, símbolo de poder prestixiado socialmente.

4. Saberías explicar a diferenza entre normalización e normativización? (O segundo concepto non está na teoría; intenta deducilo).

A normalización lingüística é un proceso que consiste na recuperación de usos e funcións sociais para unha lingua que está nunha situación de subordinación con respecto a outra lingua. Normalizar consiste en aplicar un conxunto de medidas de tipo xurídico, político, social e lingüístico para que unha lingua minorizada teña un desenvolvemento “normal” como medio de comunicación dentro da súa propia comunidade de falantes.

Non obstante, a normativización lingüística consiste na elaboración e selección dunha variedade estándar de lingua que funciona dentro dunha comunidade determinada como modelo de corrección idiomática. Dito con outras palabras, elaborar un código formal común e válido para todos os falantes dunha comunidade, artellando unha ortografía, unha gramática e un dicionario do idioma.

5. En que se diferencia unha lingua minorizada dunha minoritaria? Pode unha lingua minoritaria ser a lingua dominante dentro dun territorio? Pode unha lingua maioritaria no seu territorio estar minorizada? Pon un exemplo.

Unha lingua minorizada é aquela lingua autóctona dunha zona á que se lle negan as condicións para poder desenvolverse con normalidade. Atópase nunha situación de inferioridade ao ver restrinxidos os seus usos públicos (medios de comunicación, xustiza, ensino, vida comercial, liturxia...) e privados a favor doutra lingua (dominante e foránea). En resumo, trátase dunha lingua desprestixiada, infravalorada.

Por outro lado, unha lingua minoritaria é aquela cun número reducido de falantes nun determinado territorio, pero que pode estar totalmente normalizada.

Evidentemente, unha lingua minoritaria pode ser a dominante dentro dun territorio, pois o feito de que sexa pouco empregada no rexistro oral polos seus habitantes, non quita que poida gozar dun gran prestixio social, aínda que é verdade que canto máis se empregue en eidos como o industrial, o educativo ou o empresarial, entre outros, máis prestixio social acadará.

Finalmente, da mesma maneira que o caso anterior pode ser posible, tamén o é o feito de que unha lingua maioritaria no seu territorio estea minorizada. Un caso exemplificador é o da lingua galega, falada pola maioría dos galegos, pero sometida a tales condicións sociais que ve restrinxidas as súas funcións de uso. É dicir, a súa presenza social é menor da porcentaxe que lle correspondería polo número de falantes.

6. Podemos dicir que o galego ten normalizado o seu uso hoxe en día? Razoa a resposta.

Actualmente, a lingua galega non está completamente normalizada, senón en proceso de normalización. Isto é así porque, aínda que o seu uso oral é natural e espontáneo en situacións informais, aínda queda moito por camiñar na vida pública. Cando acudimos, por exemplo, ao médico ou calquera tipo de administración pública, vemos que a maioría dos profesionais se dirixen a nós en castelán, como se esta fose a única lingua apropiada para as situacións de maior prestixio e para os interlocutores de maior status social. Ademais, se nos paramos a pensar cantos xornais, revistas ou medios de comunicación empregan o galego como instrumento para dirixirse ao seu público, veremos que case os podemos contar cos dedos das dúas mans.

7. É moi frecuente que nun estado haxa varias linguas? En caso de resposta afirmativa, explica as causas.

Si que resulta frecuente, e é que no mundo existen cerca de sete mil linguas vivas catalogadas, e aproximadamente 200 estados recoñecidos pola ONU, así que é evidente que a diversidade lingüística é un feito e o multilingüismo é unha característica presente en practicamente todos os estados.

8. Dúas linguas compartindo espazo conviven sempre pacificamente? Explica por que.

Non sempre conviven de xeito pacífico. O normal é, como comentamos na cuestión 2, a presenza de conflitos lingüísticos, é dicir, a existencia dunha tensión entre as dúas linguas por querer ter un maior número de funcións sociais e de falantes.

9. Os primeiros intentos de normativización producíronse no Rexurdimento? Explica a resposta.

Como xa se nomeou anteriormente, para normativizar unha lingua é necesario artellar unha ortografía, unha gramática e un dicionario do idioma. Precisamente, todo isto foi levado a cabo no Rexurdimento, unha etapa na que F. Xavier Rodríguez decidiu publicar o primeiro dicionario (*Dicionario gallego-castellano*) e Francisco Mirás a primeira gramática: *Gramática gallega*.

10. Depende a minorización dunha lingua do número de falantes? Explica por que.

Non depende do número de falantes xa que unha lingua pode ser empregada por miles de persoas no rexistro oral e ao mesmo tempo carecer de prestixio e valoración.

11. O proceso de normalización depende da conciencia individual dos falantes? De que outros sectores crees que pode depender?

Obviamente que a conciencia individual dos falantes inflúe no proceso de normalización dunha lingua, pois se cada un de nós esquece os prexuízos aos que esta está sometida, dándonos de conta de que todas as linguas teñen o mesmo valor, poderemos facer delas un uso oral e escrito natural e espontáneo independentemente da situación na que nos atopemos. Mais tamén é necesaria a implicación doutros sectores como o político, no que xa existe unha Secretaría Xeral de Política Lingüística, o educativo, a propia familia e, en definitiva, o conxunto da sociedade.

12. Que crees que necesita unha lingua para conseguir un maior prestixio e presenza social?

En primeiro lugar, considero fundamental reparar nos prexuízos, un feito de pensar erróneo, pois fainos caer en xeneralizacións e simplificacións da realidade.

En segundo lugar, a divulgación e ensinanza da lingua xoga un papel importante. Como a imos empregar se non a coñecemos? O feito de ensinala na escola de xeito obrigatorio, inculcándollela así aos máis cativos, ou noutras plataformas, como as dixitais, onde o seu acceso pode resultar máis atractivo e incluso chegar ao estranxeiro, fará que cada día que pase sexan máis os coñecedores dela.

Por último, o emprego dela en medios de comunicación, na publicidade, nos libros, en conferencias ou exposicións, na arte, na música ou en espectáculos onde o público sexa numeroso resulta clave, xa que desta forma farase máis visible e paseniñamente irá conseguindo maior prestixio. Mais lembremos, se non nos libramos dos prexuízos, a evolución non irá cara adiante e a riqueza que agora temos nas nosas mans non dubidará en tornarse en pobreza.